

Consello de Contas  
de Galicia



**PLAN ESTRATÉXICO DO  
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA  
(2019-2022)**



## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>EIXE 1: FISCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICO- FINANCEIRA DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA</b> .....	<b>5</b>
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1. DOTAR DA MÁXIMA CALIDADE AOS TRABALLOS DE FISCALIZACIÓN.....	5
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2. CONTRIBUIR Á TRANSPARENCIA E Á MELLORA DA XESTIÓN ECONÓMICA FINANCEIRA DOS FONDOS PÚBLICOS .....	6
<b>EIXE 2: PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN</b> .....	<b>7</b>
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1 COLABORAR COAS ADMINISTRACIÓNS GALEGAS NA IMPLANTACIÓN DE INSTRUMENTOS E SISTEMAS DE PREVENCIÓN E INTEGRIDADE .....	7
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2. ASESORAR AO PARLAMENTO E ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS .....	8
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3. ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN .....	8
<b>EIXE 3. BO GOBERNO E ORGANIZACION INTERNA</b> .....	<b>9</b>
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1. IMPLANTAR MECANISMOS QUE GARANTAN O COMPROMISO INSTITUCIONAL COA INTEGRIDADE E A ÉTICA .....	9
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2. IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS INFORMÁTICOS.....	9
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.3. ADECUAR A ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO CONSELLO ÁS NOVAS COMPETENCIAS ATRIBUÍDAS POLA LEI .....	9
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.4. PROMOVER A MELLORA DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOS RECURSOS HUMANOS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA .....	10
<b>EIXE 4. FORTALECEMENTO DAS RELACIÓNS CO PARLAMENTO, A SOCIEDADE GALEGA E COOPERACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES</b> .....	<b>10</b>
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1. REFORZAR AS RELACIÓNS CO PARLAMENTO.....	10
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2. TRANSPARENCIA, COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA .....	11
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3. COOPERACIÓN E COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES .....	11
<b>COMPROMISO</b> .....	<b>11</b>



## INTRODUCCIÓN

Creado no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, e regulado na Lei 6/1985, do 24 de xuño, o Consello de Contas de Galicia comezou a súa actividade no ano 1991, centrándose fundamentalmente na realización de informes de fiscalización de legalidade orzamentaria e financeira. Co transcurso dos anos a actividade da Institución mudou para responder ás esixencias derivadas dos principios de economía, eficacia e eficiencia.

No ano 2015 reformouse a Lei do Consello de Contas, asumindo a responsabilidade de colaborar coas administracións na prevención da corrupción, asesoraralas sobre os instrumentos normativos, e fomentar na sociedade civil o comportamento ético nas súas relacións co sector público. Para o desenvolvemento desta función, se crea a Sección de Prevención da Corrupción coa asistencia da Comisión Técnica formada por auditores dos distintos departamentos, e se incorpora á organización interna unha unidade de prevención da corrupción, sendo unha das primeiras actuacións nesta materia a aprobación do Código Ético da Institución.

## MISIÓN

A misión do Consello de Contas é a fiscalización externa das contas e da actividade económico financeira e contable do sector público galego e, no ámbito da prevención da corrupción, colaborar no establecemento dun marco de integridade nas entidades públicas que contribúa a garantir unha axeitada xestión das finanzas públicas.

## VISIÓN

Ser unha Institución de control independente, transparente, áxil, útil para contribuír á boa xestión dos fondos públicos, aberta aos cidadáns, e cun elevado grao de credibilidade no desenvolvemento do seu labor.

## VALORES

O Consello de Contas soporta a súa actuación nos seguintes valores:

1. Integridade. Actuar con honestidade, de forma confiable, de boa fe e a favor do interese público.
2. Independencia e obxectividade. Estar libre de influencias ou circunstancias que comprometan ou poidan ser vistas como comprometedoras do xuízo profesional, e actuar de maneira imparcial e obxectiva.
3. Competencia profesional. Adquirir e manter coñecementos e habilidades apropiadas para o rol, actuar de conformidade coas normas aplicables e co debido coidado.

4. Comportamento profesional. Cumprir coas leis, regulacións e convencións, e evitar calquera conduta que poida desacreditar a Institución.
5. Confidencialidade e transparencia. Protexer a información de forma adecuada, equilibrando esta protección coa necesidade de transparencia e rendición de contas.

### **ANÁLISE DAFO**

A análise DAFO consiste na identificación dos aspectos positivos e negativos da organización tanto dende o punto de vista interno como externo. O sinalamento destes factores é o que serve de fundamento para a elaboración da planificación estratéxica do Consello de Contas.

No ámbito interno cabe destacar como debilidades as seguintes:

- A falla de manuais de fiscalización actualizados.
- As debilidades dos procedementos de control de calidade dos traballos desenvolvidos.
- O escaso desenvolvemento da Administración electrónica e o baixo nivel tecnolóxico da Institución
- As rixideces nos instrumentos de xestión de persoal.

Como fortalezas cabería destacar as seguintes:

- A cualificación do seus empregados públicos.
- Os amplos coñecementos que atesora o Consello de Contas sobre o sector público galego.
- O prestixio que ten perante a sociedade e o Parlamento de Galicia.

Entre os factores externos negativos (ameazas) cabería facer mención aos seguintes:

- Unha normativa de rendición de contas con prazos afastados respecto dos actos de xestión obxecto de control.
- A creación de órganos que poden interferir ou asumir funcións similares ao Consello de Contas.
- O descrédito das institucións públicas.

Finalmente, tamén se poden identificar as seguintes oportunidades, como factores externos positivos:

- As novas competencias en materia de prevención da corrupción.
- As novas funcións de asesoramento e consulta.

— Os novos canles de comunicacións e denuncias.

## **PLAN ESTRATÉXICO**

Para o desenvolvemento das funcións do Consello de Contas, o seu Regulamento de réxime interior establece a obriga de realizar unha planificación estratéxica das actuacións a poñer en práctica nun prazo non inferior a tres anos.

De acordo co anterior este documento recolle as liñas básicas de actuación a medio prazo (período 2019-2022) a realizar polo Consello de Contas de Galicia que se encadran dentro dos seguintes eixes:

- Eixe 1: Fiscalización da actividade económico-financeira do sector público de Galicia
- Eixe 2: Prevención da Corrupción
- Eixe 3: Bo goberno e organización interna
- Eixe 4: Fortalecemento das relacións co Parlamento, a sociedade galega e cooperación con outras entidades

Todos estes eixes inclúen unha serie de obxectivos estratéxicos que poderán ser obxecto de seguimento, avaliación e, no seu caso, revisión durante a vixencia deste plan.

## **EIXE 1: FISCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICO- FINANCEIRA DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA**

O primeiro dos eixes garda relación coa actividade esencial do Consello de Contas: a fiscalización da actividade económico-financeira do sector público de Galicia.

Dentro deste eixe defínense os seguintes obxectivos estratéxicos:

### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1. DOTAR DA MÁXIMA CALIDADE AOS TRABALLOS DE FISCALIZACIÓN**

Para a consecución deste obxectivo tomaranse as seguintes medidas:

- 1.1.1. Impulsar a aplicación das normas, principios e guías prácticas de fiscalización.
- 1.1.2. Mellorar os procedementos e as ferramentas que permitan revisar mostras significativas para a obtención de evidencia suficiente e axeitada sobre as conclusións e opinión dos informes de fiscalización.
- 1.1.3. Elaborar un manual de fiscalización para a confección e tramitación dos informes de fiscalización.

1.1.4. Impulsar un sistema de control de calidade dos informes de fiscalización e na resolución de ditames e consultas.

1.1.5. Implantar medidas de coordinación das actividades fiscalizadoras desenvolvidas por tódolos departamentos de fiscalización.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2. CONTRIBUIR Á TRANSPARENCIA E Á MELLORA DA XESTIÓN ECONÓMICA FINANCEIRA DOS FONDOS PÚBLICOS**

Baixo este obxectivo a Institución proporcionará coñecemento e instrumentos para a mellora da xestión pública, incrementando a actividade fiscalizadora a través das auditorías operativas, planificando os traballos baixo un enfoque de risco e tratando de realizar as fiscalizacións no menor tempo posible para auditar exercicios máis pretos no tempo.

Dentro deste obxectivo estratéxico adoptaranse as seguintes medidas:

1.2.1. Fomentar a realización de fiscalizacións operativas que permitan coñecer a consecución dos obxectivos previstos na execución de determinadas políticas públicas. En particular, respecto da xestión de áreas que preocupan á cidadanía como son a sanidade, a educación e os servizos sociais, así como o gasto dedicado ás infraestruturas e ao seu financiamento.

1.2.2. Programar as fiscalizacións poñendo o foco nas principais áreas de risco, coa fiscalización sistemática da contratación e das subvencións públicas, así como das áreas de gasto cun maior volume de irregularidades.

Así mesmo, levar a cabo fiscalizacións específicas daquelas entidades nas que se aprecien indicios de irregularidades ou que non rendan as súas contas e tomar en consideración as comunicacións ou denuncias de persoas físicas ou xurídicas presentadas no Consello na programación das fiscalizacións.

1.2.3. Fomentar as fiscalizacións horizontais para formular recomendacións comúns e facilitar comparacións entre a xestión de entidades ou programas de actuación que sexan homoxéneos, naquelas actuacións que resulte posible.

1.2.4. Integrar nun informe xeral os resultados da fiscalización do sector público autonómico, para dotar de maior visibilidade e valor á declaración definitiva da xestión do sector público.

1.2.5. Acadar a rendición telemática da conta xeral da Comunidade Autónoma, así como da información contractual, aproveitando as sinerxías co control interno a través da Comisión Mixta coa Intervención Xeral.

1.2.6. Procurar o acercamento temporal da actividade de control ao momento no que se producen os feitos suxeitos á fiscalización e o acurtamento dos prazos de execución, propoñendo



modificacións normativas tendentes á mellora dos prazos de rendición, así como medidas de acceso á información económico-financeira antes da rendición de contas.

1.2.7. Analizar a sustentabilidade económico financeira das diferentes políticas públicas.

1.2.8. Intensificar o seguimento das recomendacións e do seu grao de cumprimento.

## **EIXE 2: PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN**

Neste eixe recóllense os obxectivos estratéxicos e as medidas a realizar en materia de prevención da corrupción e que figuran con máis detalle no documento “Estratexia en materia de prevención da corrupción” aprobado pola Sección de Prevención da Corrupción.

Os obxectivos estratéxicos que se encadran neste eixe son os seguintes:

### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1 COLABORAR COAS ADMINISTRACIÓNS GALEGAS NA IMPLANTACIÓN DE INSTRUMENTOS E SISTEMAS DE PREVENCIÓN E INTEGRIDADE**

A través deste obxectivo se pretende o establecemento nas entidades públicas de políticas de integridade institucional (normativa, procedementos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción e a adopción de medidas para minimalizalos e as actividades de control para a súa supervisión.

Para o cumprimento deste obxectivo se recollen as seguintes medidas:

2.1.1. Elaboración de documentos técnicos para as entidades do sector público galego coa definición dos sistemas de control interno e prevención da corrupción.

2.1.2. Diagnóstico e avaliación sistemática do grao de implantación dos sistemas de control interno e prevención da corrupción, identificando áreas de posible mellora e formulando recomendacións.

2.1.3. Elaboración e actualización posterior de Guías Técnicas para a implantación de sistemas de administración dos riscos de xestión e políticas de integridade.

2.1.4. Impulso e elaboración dos plans de prevención da corrupción nas distintas administracións e acompañamento na súa implantación.

2.1.5. Avaliación sistemática e seguimento dos plans de prevención.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2. ASESORAR AO PARLAMENTO E ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS**

Trátase de contribuír, cando así o precisen as institucións interesadas, a crear un marco homoxéneo de principios e normativa de carácter preventivo para evitar irregularidades derivadas de condutas que impliquen falla de integridade ou transparencia o que provoquen conflitos de intereses.

Neste obxectivo enmárcanse as seguintes medidas:

2.2.1. Impulsar medidas normativas tendentes ao desenvolvemento adecuado dos sistemas de control interno e de prevención da corrupción.

2.2.2. Acompañamento e asesoramento na implantación dos plans de prevención da corrupción nas distintas administracións.

2.2.3. Emisión de ditames sobre normas ou códigos éticos e presentación de suxestións.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3. ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN**

Trátase de realizar accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, así como levar a cabo actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

Este obxectivo farase efectivo a través das seguintes medidas:

2.3.1. Subscribir e desenvolver protocolos de colaboración coa Xunta de Galicia, coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as Deputacións Provinciais que sirvan como instrumentos de autorregulación e busca de compromiso das entidades asinantes para a adopción de mecanismos de prevención.

2.3.2. Subscribir e desenvolver protocolos de colaboración coas entidades educativas para a formación e sensibilización en comportamento ético en todos os niveis educativos.

### **EIXE 3. BO GOBERNO E ORGANIZACION INTERNA**

Este eixe recolle os obxectivos estratéxicos relacionados coa organización do Consello de Contas de Galicia, a nivel técnico, ético-profesional e das tecnoloxías da información.

Os obxectivos estratéxicos son os seguintes:

#### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1. IMPLANTAR MECANISMOS QUE GARANTAN O COMPROMISO INSTITUCIONAL COA INTEGRIDADE E A ÉTICA**

Para a consecución deste obxectivo tomaranse as seguintes medidas:

- 3.1.1. Actualizar periodicamente o código ético institucional.
- 3.1.2. Desenvolver o plan de prevención da corrupción do Consello de Contas.
- 3.1.3. Realizar actuacións de difusión do código ético e do plan de prevención da corrupción.

#### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2. IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS INFORMÁTICOS**

Para a consecución deste obxectivo tomaranse as seguintes medidas:

- 3.2.1. Elaborar unha estratexia en materia de administración electrónica e proceder á súa implementación progresiva.
- 3.2.2. Empregar ferramentas informáticas específicas para o desenvolvemento dos traballos de auditoría e fomentar o uso das aplicacións de análise de información para gañar en eficiencia e produtividade.
- 3.2.3. Poñer en marcha un tramitador de expedientes electrónicos.
- 3.2.4. Acometer unha modernización da intranet e da páxina web, da infraestrutura tecnolóxica da Institución e da seguridade informática.

#### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.3. ADECUAR A ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO CONSELLO ÁS NOVAS COMPETENCIAS ATRIBUÍDAS POLA LEI**

Para a consecución deste obxectivo tomaranse as seguintes medidas:

- 3.3.1. Traballar nun documento de estrutura orgánica e descrición de funcións dos postos de traballo da Institución.
- 3.3.2. Consolidar a estrutura da organización en materia de prevención da corrupción.
- 3.3.3. Adecuar a composición e número de efectivos ás novas competencias.

### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.4. PROMOVER A MELLORA DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOS RECURSOS HUMANOS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

Para acadar este obxectivo prevense as seguintes medidas:

- 3.4.1. Levar a efecto o proceso de regularización do persoal interino.
- 3.4.2. Estudar a modificación da RPT para seguir adaptándoa ás necesidades da Institución.
- 3.4.3. Impulsar a formación e a capacitación profesional do persoal a través de actividades formativas.
- 3.4.4. Elaborar e aplicar un plan de igualdade para promover e respectar a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.
- 3.4.5. Desenvolver a regulación das condicións de traballo do persoal (permisos, vacacións e horarios).

### **EIXE 4. FORTALECEMENTO DAS RELACIÓNS CO PARLAMENTO, A SOCIEDADE GALEGA E COOPERACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES**

Resulta imprescindible que a sociedade galega coñeza como se xestionan os fondos públicos e a importancia do seu control para a mellora da súa xestión e para a prevención da fraude e da corrupción. Por outra banda é necesario manter e impulsar a colaboración e cooperación co resto de institucións de control externo e mesmo cos órganos de control interno das administracións autonómica e locais de Galicia.

Para estes efectos, este eixe comprende os seguintes obxectivos estratéxicos:

#### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1. REFORZAR AS RELACIÓNS CO PARLAMENTO**

O Consello de Contas de Galicia, como Institución dependente do Parlamento de Galicia reforzará o seu apoio á cámara a través das seguintes medidas:

- 4.1.1. Formular nas actuacións de fiscalización recomendacións que sirvan de soporte técnico ao Parlamento de Galicia para impulsar a adopción de medidas que permitan facer un sector público máis eficiente.
- 4.1.2. Emitir ditames en materia económico-financeira e atender as consultas sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación, que sirvan ao mesmo propósito.
- 4.1.3. Incorporar aos plans anuais de traballo as recomendacións do Parlamento.

4.1.4. Trasladar ao Parlamento as incidencias que se atopen no desenvolvemento das actuacións que sexan consecuencia de deficiencias ou debilidades normativas que podan ser corrixidas a través de iniciativas parlamentarias.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2. TRANSPARENCIA, COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

Dentro deste obxectivo adoptaranse as seguintes medidas:

4.2.1. Difundir os informes de fiscalización a través de resumos executivos na páxina web ou empregando as redes sociais.

4.2.2. Poñer en marcha un portal de datos abertos.

4.2.3. Empregar unha linguaxe directa, clara e concisa na redacción dos informes de fiscalización sen abandonar o seu rigor técnico.

4.2.4. Dar a coñecer ás actividades que leva a cabo a Institución mediante reunións informativas cos medios de comunicación e dando publicidade as ponencias, comunicacións ou artigos elaborados polo persoal do Consello de Contas.

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3. COOPERACIÓN E COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES**

Para dar cumprimento a este obxectivo recóllense as seguintes medidas:

4.3.1. Seguir a colaborar coas ICEX a través de traballos coordinados e con intercambio de experiencias de fiscalización.

4.3.2. Continuar coa colaboración coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a través da Comisión Mixta.

4.3.3. Participar en congresos, foros, xornadas técnicas ou conferencias de interese para o persoal da Institución.

## **COMPROMISO**

O Consello de Contas de Galicia quere seguir avanzando no servizo á cidadanía como unha Institución útil e crible, independente e profesionalizada, co obxectivo de acadar a excelencia no seu labor e contribuír á transparencia na rendición de contas e á mellora da xestión dos recursos públicos, compromisos que asumen os seus órganos de goberno e os seus empregados públicos.